

MELIDE
BNG, PSOE e
PP xa elixiron
os candidatos
para optar á
alcaldía P9

COMARCA
Sobrado únese
con outros
catro concellos
para fusionar
servizos P16

CULTURA
Retómase o
campeonato de
kaiak extremo
nos torrentes
de Mácara P18

ENTREVISTA



**Carlos Segade,
Const. Segade
Abad (CSA)**
“O noso servizo
é completo,
facemos dende
proxectos ata
reformas” P23

O comercio de Melide agasalla ceas para o Día dos Namorados

Para unha noite especial coma a do 14 de febreiro, os comercios de Melide asociados a Asetem-Cca agasallan ceas románticas para dúas persoas, no marco dunha promoción que comezou o 1 de febreiro. A cea celebrarase no Hotel Carlos 96, onde tamén haberá baile. Con esta campaña, Asetem-Cca segue apostando forte pola promoción do comercio local, que é idóneo para comprar calquera tipo de artigo ou contratar toda clase de servizos. P3



Os ingresos urbanísticos caen un 95% en catro anos



A recadación derivada do imposto de construcións, instalacións e obras no Concello de Melide pasou de 665.300 euros no 2006 a 44.000 no 2010. P10

Piden reforzar a vixilancia trala onda de roubos



Cea e Prado reclamaron ó subdelegado do Goberno na Coruña que incrementara a vixilancia despois dos últimos roubos e atracos que se produciron na vila P9



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROXECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@telefonos.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Fóra pesimismo

Dende hai uns meses a esta parte, o pesimismo parece terse instalado entre nós de xeito irremediable. Faise notar nas conversas cos veciños, coa familia, ata nas reunións de amigos que quedan para, supostamente, pasar un bo rato e relaxarse nas fins de semana. A crise está tan instalada nas nosas vidas que nos ten bloqueados e nos persegue ata nos momentos nos que queremos ser felices e olvidarnos dela.

Hai moita xente que vive de vagar, que está totalmente resignada agardando un desenlace fatal. Xa non ven cores ao seu arredor, todo é gris e, en moitos casos, ese gris vai tornando perigosamente cara ó negro.

En certo xeito, é normal que nos atopemos así, porque o declive que está sufrindo a economía nun período tan curto de tempo é, cando menos, para analizar seriamente.

As constantes informacións negativas que nos chegan día tras día a través dos medios de comunicación van facendo mella no noso ánimo, pero temos que pensar nas nosas capacidades para superar situacións adversas. E hai cousas, moitas delas positivas, sobre as que non se pousan os obxectivos das cámaras.

Moito se ten falado de que os grandes avances das sociedades, en calquera ámbito, xurden a partir de momentos de crise profunda. Está comprobado que o ser humano ten unha enorme capacidade de loitar contra as dificultades e sempre ten máis forza



do que se cre para superalas.

Tendo en conta estas dúas evidencias comprobadas historicamente, deberíamos replantearnos o noso actual comportamento. É difícil, si, ninguén o nega, pero temos que sacar forzas de onde sexa para animarnos e poder cambiar a situación que estamos a vivir. Temos que confiar no futuro e, principalmente, en nós mesmos.

Dende Asetem-Cca queremos reivindicar o poder do traballo, das cousas ben feitas e do esforzo que todos podemos facer para saír deste bache. Temos que volver ver a vida con tódolos matices de cores, cunha mirada ilusionada.

Lonxe dos grandes problemas económicos que existen na nosa

sociedade e que nos afectan en certa medida, está a nosa vida cotiá. No noso día a día existen moitas cousas maravillosas que nos deben facer pensar no afortunados que somos e animarnos a conservalas no seu mellor estado. Só pensen por un momento na calidade de vida que temos nos concellos da nosa zona. Algo do que non poden gozar moitos habitantes deste país.

Pois cousas coma esta son as que nos teñen que axudar a levantar a nosa moral e facernos pensar en que debemos afrontar cada día con optimismo.

E se non o queren ver así, sempre podemos botar man do sabio refraneiro. “Non hai mal que por ben non veña”.

Tribuna de opinión

Maio de 2011

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



A maquinaria electoral está engraxada e en marcha dende hai meses. O 22 de maio de 2011, data na que se celebrarán eleccións municipais, está á volta da esquina e cada vez é máis evidente a precampaña.

Nos concellos da Terra de Melide imos coñecendo pouco a pouco quen serán os candidatos a ocupar as catro alcaldías. En Melide, os tres partidos políticos con representación no pleno do Concello xa escolleron cadanseu representante. Nos outros concellos faltan por coñecerse moitos candidatos. Nalgúns casos sonan aires de cambio e noutros de continuidade. A rumoroloxía funciona esta tempada ao seu máximo potencial.

Pero sexan veteranos ou novos, queremos expresar dende esta tribuna as nosas peticións para os futuros representantes da veci-

ñanza da comarca.

En primeiro lugar, dende esta patronal manifestamos unha clara vontade de colaboración coas institucións locais para a xestión económica e o desenvolvemento empresarial e comercial da zona. Do mesmo xeito, esiximos que os gobernos locais nos teñan en conta nestes ámbitos posto que somos os que mellor coñecemos o estado e as necesidades do tecido empresarial das nosas vilas. Non abonda con dicir boas palabras na toma de posesión. Quere-mos feitos. Que o contacto sexa fluído coa nosa asociación e se manteña ao longo de toda a lexislatura.

Cremos que é a mellor forma de xestionar os recursos municipais, coñecendo de primeira man cómo son as cousas, algo que nós podemos trasladar e que tamén forma parte do noso traballo.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’

AGRADECIMENTOS: M^a Pilar López, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	9
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	18
-COLABORACIÓNS.....	20
-AXENDA.....	22
-ENTREVISTA.....	23

O comercio de Melide sorteia ceas especiais para o Día dos Namorados

Cada establecemento sorteará unha velada para dúas persoas

É unha das datas do ano máis especiais para moitas persoas e nas que máis agasallos se fan. Por iso, dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) púxose en marcha a campaña de promoción do Día dos Namorados.

Os establecementos asociados sortearán arredor de 100 ceas románticas -unha por comercio que participe na campaña- entre tódolos clientes que fagan as súas compras ata o 14 de febreiro. "Tratamos de que ao longo de todas as campañas que facemos, todos os establecementos poidan dar algún premio", indica a presidenta da Comisión de Comercio de Asetem-Cca, Rosa Cabado.

A fórmula de participación é moi sinxela. O cliente só ten que cubrir un boleto co seu nome e número de teléfono e introduci-lo nunha urna. Antes



Salón onde os premiados gozarán da cea

do 14 de febreiro, unha comisión de Asetem-Cca pasará por cada establecemento para extraer o boleto premiado.

O agasallo consiste nunha cea romántica, que incluírá se-

ción de baile, para dúas persoas que se celebrará no Hotel Carlos 96 de Melide o propio 14 de febreiro.

Con esta campaña, Asetem-Cca segue apostando forte

pola promoción do comercio local, que é idóneo para comprar calquera tipo de artigo ou contratar toda clase de servizos. A presidenta da Comisión de Comercio destacou "o gran interese dos clientes por participar nas campañas do comercio de Melide. Eso quere dicir que o que facemos gusta aos consumidores".

Asesoramento

Á marxe das campañas de promoción para o comercio e empresa asociados, Asetem-Cca tamén proporciona asesoramento en todo tipo de materias para os seus socios.

Entre outros dos servizos que teñen dispoñibles os asociados está a información sobre todo tipo de subvencións a través do xornal Cerne e a tramitación gratuíta das axudas específicas ás que poida acollerse cada empresa ou comercio.

O próximo 18 de febreiro entregaranse os premios de Nadal

O próximo venres 18 de febreiro a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) entregará os premios da campaña 'Este Nadal toca en Melide' aos consumidores que resultaron agraciados cun dos 25 premios que se sortearon. A entrega farase nun acto que se celebrará ás 21.30 horas na Pulpería Ezequiel de Melide.

Os agraciados recibirán o premio de man do propio comerciante que lles entregou a rifa premiada. A campaña, na que participaron cen comercios da vila, puxo en xogo 7.750 euros, dos que se entregarán a práctica totalidade.

Non se entregarán premios en metálico, senón que os premiados recibirán uns vales de 50 euros que poderán gastar en todo o comercio asociado a Asetem-Cca.

Os vales caducarán aos 15 días de seren entregados.

14 DE FEBREIRO - DÍA DOS NAMORADOS REGALE FLORES



- Productor de toda clase de flores
- Preparamos:
Ramos de Novia,
Coronas, Ramos,
Palmas, Centros, etc.

• ESTAMOS A SU SERVICIO EN:

Tfnos: 981 50 61 84 - Páx: 981 50 58 88
Tfnos. móbiles: 686 49 38 49 - 686 49 38 50
C/ Amador Rodríguez, 7 - 15860 MELIDE (La Coruña)

CIDERTRONIC

A tua tenda de informática on line

Camara Canon Powershot



70,35 € entra en:

www.cidertronic.es

portatil Samsung
por solo



Constitúese a Mesa Local de Comercio que esixe a nova lei

O pleno do Concello aprobou por unanimidade a creación desta entidade

Contará cun representante de Asetem e dos consumidores

O pasado 2 de febreiro o pleno do Concello de Melide aprobaba por unanimidade a constitución da Mesa Local de Comercio, un órgano previsto na nova Lei de Comercio Interior de Galicia.

A lexislación establece para este novo órgano funcións de coordinación e participación entre os comerciantes e os propios concellos.

Segundo establece a nova normativa, que entrou en vigor o pasado 18 de xaneiro, a Mesa Local de Comercio deberá contar cun representante de cada unha das asociacións de comerciantes do concello -no caso do Concello de Melide cun membro de Asetem-Cca- e o mesmo número de representantes da Administración municipal, ademais dun representante da autonómica. Tamén terá que participar un membro dunha asociación de consumidores.

Esta nova mesa deberá reunirse unha vez ao ano, como mínimo, e correspóndelle convocala ó concello. Se transcorren máis dun ano dende a anterior reunión, a mesa local poderá ser convocada pola Administración autonómica, segundo establece a nova normativa.

Pioneiro

O Concello de Melide é un dos

primeiros en toda Galicia en consituír este novo órgano. O concelleiro de Promoción Económica e Facenda, Antonio Díaz, destacou que "a creación da Mesa Local de Comercio é un paso previo fundamental para a celebración da feira de oportunidades do comercio melidense". Precisamente, debido á celebración do VII Mercamelide, previsto para os días 19 e 20 de febreiro, dende o Concello tramitouse ante a Xunta a autorización pertinente para organizar esta cita, que precisa dun informe favorable da mesa local.

Outros órganos

A Lei de Comercio Interior de Galicia tamén estipula a creación de outros novos órganos, como son o Rexistro Galego de Comercio -onde se terán que rexistrar tódolos establecementos-, o Observatorio do Comercio e o Consello Galego de Comercio.

Mercamelide, sete edicións de éxito



A VII edición de Mercamelide será o 19 e 20 de febreiro

Hai agora tres anos nacia Mercamelide. Unha cita ineludible para comerciantes e consumidores de Melide e que xa é coñecida alén das fronteiras municipais.

O Mercamelide xurdiu da iniciativa conxunta de Asetem-Cca e Cca Vila de Melide -agora integrado en Asetem-Cca- máis do Concello. Dende o verán de 2007 foran constantes os contactos entre os comerciantes e a Administración, que xuntos lograron a ardua tarefa de organizar esta feira coa finalidade de dar saída ós excedentes de tempada dos comercios locais.

Nació baixo o lema 'Artigos de calidade a prezo reducido'. Os produtos que se poñen á venda teñen a garantía do respaldo das casas comerciais melidenses, pero coa vantaxe dos prezos reducidos. Nos trinta stands do Pazo de Congresos puidéronse mercar

todo tipo de artigos de téxtil, calzado, perfumería, deportes, mercería, menaxe, ferretería, decoración ou fotografía.

Á marxe do aliciente do prezo, hai máis vantaxes para os consumidores. Dende o horario ininterrompido ata a organización de obradoiros e xogos para os cativos. Nas dúas últimas edicións, optouse por sortear un lote de produtos cedidos polos comerciantes entre o público.

VII Mercamelide

O próximo Mercamelide celebrárase o 19 e 20 de febreiro. Seguirá o esquema de anos anteriores, incluído o sorteo dun lote de produtos. Nesta ocasión estarán relacionados co Entroido.

Como novidade, tamén haberá un stand no que Distribucións O Carrizo expoñerá os seus produtos cárnicos e embutidos galegos.

A presidenta de Asetem asiste á asemblea da Confederación Española de Comercio

Despois de 15 anos, a CEC ten novo presidente, García-Izquierdo

O pasado 27 de xaneiro celebrouse en Madrid a asemblea electoral da Confederación Española de Comercio -organización que representa á gran maioría de patronais do comercio en todo o país- para elixir novo presidente.

A esta reunión asistiu a presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, que co seu voto respaldou a candidatura de Manuel García-Izquierdo, que resultou elixido novo presidente da CEC para os vindeiros catro anos, en substitución de Pere Llorens, comerciante fundador da entidade que ostentou a súa presidencia durante os últimos 15 anos.

O novo presidente da patronal do pequeno e mediano comercio é actualmente o responsable da Confederación

Empresarial de Comercio de Andalucía (CECA) e da Asociación Provincial de Empresarios de Comercio de Huelva.

O novo presidente da CEC asegurou que afrontará os retos do comercio español ante os efectos da crise económica e os cambios sociais, ademais de defender o modelo de comercio urbano do país. García-Izquierdo tamén loou o papel do seu antecesor, dicindo que consolidou a CEC como a patronal española do pequeno comercio.

XORNAL CERNE

Departamento de publicidade

663 687 322

981 506 188

adolfo2007adolfo@hotmail.com



Tfnos: 981 50 75 10 - Móvil: 615 36 00 89
Avea. de Lugo, 22 - MELIDE (A Coruña)

Atópanos en
VII MERCAMELIDE
19 e 20 de febreiro

- Carne de buey
- Ternera gallega
- Lechazo castellano
- Quesos Arzúa-Ulloa
- Embutidos y jamones gallegos
- Carnes, embutidos y jamones ibéricos



El Sindolo
MODA HOMBRE - MUJER



Calzados
BROZ

TRISCOS
Moda Xoven

Casa das Luces

COA



A Cebra Matilda

Rua Hozalela, 12 - bairro
15800 Melde (A Coruja)

Telefones: 981 50 55 25 - 630 21 66 33

PERFUMERIA
LYSS
COMPLEMENTOS
REGALOS

Manuel MODA

Telefonos 981 50 73 77

Ronda da Coruña, 58 - 15800 MELIDE (A Coruña)

ADOIFÓ DOMÍNGUEZ

FLORENTINO

Pulligan

GENFINS

O REFAIXO YANY LIQUIDACIÓN TOTAL

h
"ache"
Moda infantil
e xuvenil

Tel.: 964 50 52 27 • San Pedro, 21 • 15900 FALUDE DA CORRAL



Andón
ZAPATERÍA



MEDICAMPO
COMERCIO DE PRODUCTOS DE VETERINARIA

radic@wp.com.br

C/ Martín Tenías, 5 • Tfno: 961 505 884 • HTLIDE (A Coruña)
 Sado, no Lago, 61 • Tfno: 983 500 775 • ARIUA (A Coruña)
 Anda, Gureña, 30 • Tfno: 962 375 111 • FEMO (Lugo)
 C/ Alcalde Espinoza, 32 • Tfno: 961 789 428 • CUBUS (A Coruña)

C/ Alcalá Explicativa, 32 • Tlf.: 961 789 428 • CUBOIS (S. Corral)

Zapateria Tanuska

Tel.: 981 505 793
Cantón de San Roque, 14 bajo
15800 - MELIDE (A Coruña)



902 908 737 internaxmelide@hotmail.com

Alfonso
Medas

ISSN 0013-030X/00 \$10.00 + .00. This journal is registered at the Copyright Clearance Center, Inc., 222 Rosewood Drive, Danvers, MA 01923. Organizations in the USA who are also registered with the C.C.C. may therefore copy material (beyond the limits permitted by sections 107 and 108 of US copyright law) subject to payment to C.C.C. of the per copy fee of \$10.00. This consent does not extend to multiple copying for promotional or commercial purposes. ISI Tear Sheet Service, 3501 Market Street, Philadelphia, PA 19104, USA, is authorized to supply single copies of separate articles for private use only. Organizations authorized by the Copyright Licensing Agency may also copy material subject to the usual conditions. For all other use, permission should be sought from Cambridge or the American Branch of Cambridge University Press.



BAMBI
Moda Infantil

Call Rosanna at 5 • Toll-free 800 367 0861 • info@bellecote.com

Tfn: 981 50 31 54
Raz Gaketa, 4, bajo - 15000 MELIDE (A Coruña)
Tfn: 982 57 78 10
C/ Santiago Nunez, 21 - MONTEIRO (Lugo)

C/ Sergio Vázquez, 21 - MONTEVIDEO (Uruguay)

INPUGAL CONSTRUTORA
DE PORTUGAL

[illegible]

Axudas e subvencións

1.Subvencións para o apoio ao emprendemento feminino (PROGRAMA EMEGA) (DOG 11, do 18 de xaneiro de 2011)

Obxecto.- Apoiar o emprendemento feminino e a consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres.

Investimento Mínimo 6.000€

Beneficiarias: Mulleres que cumpran os requisitos seguintes:

Actuación I: Crear o seus propio posto de traballo, partindo dunha situación de desemprego de 3 meses, constituíndose como autónomo, microempresas ou pequenas empresas baixo calquera forma societaria, suscribindo a maioría do capital e exercendo a administración.

Actuación II: Empresarias que presenten un plan de mellora empresarial que supoña a creación dun posto de traballo para unha muller con capacitación profesional media ou superior; e as súas funcións estean vinculadas co proxecto de mellora.

Prazo: Ata o 18/02/2011

Importe:

Actuación I: Dende 8.000€ ata 30.000€

Actuación II: Dende 15.000€ ata 30.000€

2.Plan renove de Equipos de Iluminación Interior (DOG 12, 19 de xaneiro de 2011)

Obxectivo: Renovación de instalación de equipamento de iluminación interior por outras máis eficientes, reducindo así o consumo de enerxía.

Actuacións subvencionables:

-Substitución de luminarias, lámpadas ou reactancias existentes por luminarias de maior rendemento, lámpadas de maior eficiencia e reactancias electrónicas regulables, cando se reduza a potencia instalada en iluminación nun 30%.

-Instalación de sistemas de control por presenza e regulación do nivel de iluminación, sempre que permitan un aforro enerxético dun 20% anual.

Investimento mínimo: 500€

Contía máxima: 25% do custo da nova instalación cun máximo de 1.500€ para vivenda unifamiliar, 10.000€ por edificio de vivendas en bloque e 25.000€ por edificio destinado a outros usos (non vivenda).

Prazo: Ata o 30/07/2011.

3.Programa de fomento do emprego en empresas de economía social e de pro-

moción do cooperativismo. (DOG nº 14, do 21 de Xaneiro de 2011)

Programa I: Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

Beneficiarios: cooperativas e sociedades laborais que incorporen como socios traballadores a persoas desempregadas pertencentes a determinados colectivos.

Axuda: ata 5500€ por persoa incorporada a xornada completa. Pode ser incrementada ata 10.000€ según o colectivo.

Programa II: Mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.

Beneficiarios: cooperativas con socios traballadores ou de traballo e as sociedades laborais.

Axuda: Máximo 18.000€

-Subvención financeira: redución de xuros de préstamo para financiar investimentos en inmovilizado.

-Subvención directa para a adquisición de inmovilizado: ata o 50% do custo de adquisición dos inmovilizados.

Programa III: Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica.

Beneficiarios: Cooperativas e sociedades laborais de nova creación ou con novos proxectos empresariais e as entidades privadas que presten servizos de asesoramento e acompañamento de proxectos (formación, información, seguimento e asesoramento dun plan de traballo a cooperativas).

Axuda: Ata 20.000€

Programa IV: Fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.

Beneficiarios: Persoas desempregadas que accedan como socios traballadores nunha cooperativa ou sociedade laboral, e as persoas asalariadas destas entidades que accedan á condición de socio traballador.

Axuda: Ata 4.500€ para a incorporación nunha cooperativa e ata 2.000€ para a incorporación a unha sociedade laboral.

Programa V: Actividades de promoción do cooperativismo.

Beneficiarios: Cooperativas legalmente constituídas

Modalidade e cuantías:

-Fomento do cooperativismo: ata 75% dos gastos, cun máximo de 30.000€

-Adaptación as tecnoloxías da información e as comunicación: ata o 75% dos gastos, cun máximo de 10.000€.

Prazo: Ata o 21/02/2011

Reseña fiscal e laboral

1.Lei do Imposto de Sociedades

Rebáixase o Imposto de Sociedades para as empresas de reducida dimensión (concepto que pasa de 8 a 10 millóns de euros de facturación), que disfrutarán do tipo reducido do 25% ata os 300.000 euros de beneficio, fronte aos 120.000 euros actuais, a partir do 1 de xaneiro de 2011.

Este límite tamén será de aplicación para as denominadas microempresas, que por ter unha contía neta de cifra de negocios inferior a cinco millóns de euros e unha plantilla media inferior a 25 empregados, poden acollerse a un tipo de gravame do 20%. A parte da base imponible que supere os 300.000 euros tributará ó tipo do 25%.

Por último, xeralízase a liberdade de amortización ata o 2015.

2.Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados

Eliminación deste imposto para todas as operacións societarias dirixidas á constitución, aumento de capital e mantemento das empresas.

3.I.R.P.F. 2011

Con efectos do 1 de xaneiro do 2011, a dedución por inversión en vivenda habitual, unicamente será de aplicación para contribuíntes con base imponible menor de 24.107,20€. A dedución máxima será de 9.040€ anuais.

Os contribuíntes que compraran a vivenda habitual con anterioridade ó 1 de xaneiro do 2011 e que teñan base imponible superior a 24.107,20€, poderán seguir aplicando a dedución antiga. Os contribuíntes con base imponible igual ou inferior a 17.724,90€ aplicarán a nova dedución, xa que é máis favorable. Cando se teñan contas vivenda creadas con anterioridade ó 1 de xaneiro do 2011, terase que determinar cada ano se se ten dereito á dedución en función da base imponible.

A nivel autonómico créanse as seguintes deducións, cuxa aplicación queda supeditada ó cumprimento de determinados requisitos:

-Persoas que causen alta por primeira vez no censo de empresarios, profesionais e retenedores.

-Dedución por cada menor en réxime de acollemento familiar.

-Dedución por investimento na adquisición de acción ou participación sociais en entidades novas ou de recente creación.

-Dedución por investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do Mercado Alternativo Bursátil.

4. Devolución Autónomos en pluriactividade.

Os traballadores autónomos que, no ano 2010, simultaneasen o exercicio da actividade co traballo por conta allea, e cotizasen por continxencias comúns de ambos réximes por cuantía superior a 10.860 euros, terán dereito a unha devolución do 50% do exceso en que as súas cotizacións superen a citada cuantía; co tope do 50% das cuotas ingresadas por continxencias comúns en Autónomos.

A devolución efectuarase a instancia do interesado, que terá que formulala nos primeiros 4 meses de 2011.

5.Coidado de menores con cáncer ou outra enfermidade.

Recoñecerase unha prestación económica ós proxenitores, adoptantes ou acolletores, no caso de que ambos traballen, para o coidado de menores ao seu cargo afectados por cáncer ou outra enfermidade grave (que reglamentariamente se determine), que requira ingreso hospitalario de longa duración, durante o tempo de hospitalización e tratamento continuado da enfermidade. Será requisito que o beneficiario reduza a súa xornada a lo menos no 50%, a fin de que se adique o coidado directo do menor. A prestación consistirá nun subsidio do 100% da base reguladora en proporción á redución da xornada.



RESTAURANTE

Reservados • Despedidas

Cumpleaños • Bautizos

Pequeños Eventos • Cenas de empresa



**Rúa do Convento, 7
Melide
15800**

**Tlf: 981 505 325
restaurantecasaquinzan@gmail.com**

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Berencello
Rúa do Convento, 2
661815976
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505154
Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones Cardigan
Convento, 20
981505110
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Distribuciones Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Estanco Angarela
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855

Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Froitas León
Progreso, 24
619469453
Frutas Gallego e Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
Lácteos Terra de Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564
Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981507377

Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Multiprecio Cousas
Novoa Santos, 25
981507474
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosáude
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra,45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027

Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300
Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carbuvo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981505587

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981505482

MEDIOS DE
COMUNICA-
CIÓN

Dez TV
C/B, 27, Lalín
986787036

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047

Inmobiliaria Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Mª Jesús Iglesias Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608
OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Peluquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650436375
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Veterinaria Mónica Blanco
Mateo S. Bugeiro,11
629507958
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818

Un atraco e varios roubos obrigan a incrementar a vixilancia na localidade

Un atraco con violencia nunha xoiería da vila desata a alarma entre os veciños

Reforzo dos efectivos da Garda Civil e axentes de paisano



A Xoiería Pereiro foi obxecto dun atraco o mes de xaneiro

A mediados de xaneiro un atraco con violencia á Xoiería Pereiro de Melide facía saltar a alarma entre os veciños da localidade.

O suceso produciuse a plena luz do día, sobre as 9.30 horas, cando un home entrou na tenda para interesarse por un artigo e golpeou á propietaria na cabeza, unha muller de 84 anos -que tivo que levar varios puntos de sutura-. Levou con el dez mantas de xoias e conseguiu escapar do amplo dispositivo de vixilancia que se montou en toda a vila e nos arredores.

Esa mesma noite, os ladróns entraban no bar Anuska, próximo ao Edificio Multiusos, e

levaban a recadación da máquina comecartos.

A onda de roubos que veñen sufrindo os concellos do interior coruñés dende hai uns meses chegou a afectar incluso a vivendas particulares e a varios establecementos comerciais e hostaleiros da vila, como o bar O Sapo Lambón, propiedade de Sonia Valiño, presidenta da asociación de empresarios da comarca, Ase-tem-Cca. Valiño trasladou a súa preocupación á rexedora melidense pola constante inseguridade que hai no concello, sobre todo polas noites.

A reacción do goberno local ante estes feitos foi inmediata. A alcaldesa, Socorro Cea e o

tenente de alcaldesa, Manuel Prado, reuníronse con "carácter urxente" co subdelegado do Goberno na Coruña, José Manuel Pose Mesura, quen confirmou o reforzo da vixilancia na vila. Comprometeu despregar efectivos da Garda Civil e axentes de paisano "de xeito inmediato", medidas que serán extensivas a outras localidades do interior coruñés.

Cea asegurou que as novas medidas "deben tranquilizar á poboación, porque o reforzo da seguridade é sempre unha boa noticia".

O subdelegado recomendou aos veciños avisar ás forzas de seguridade ante feitos ou persoas sospeitosas.

As míticas Vespas invadiron Melide

A súa estética é inconfundible. As míticas motos Vespa e Lambretta invadiron a localidade melidense durante a última fin de semana de xaneiro no marco da III edición do encontro moteiro Invernovespa, que estivo organizado polos clubs Golfos Ártabros Escúter Clube, Avispados de Ourense, Scutre Clú e Vespeinados de Vigo.

Participaron arredor de 150 persoas, que tras reunirse no Pazo de Congresos, fixeron unha ruta pola zona visitando os lugares máis característicos da vila e dos seus arredores.



Momento da concentración na Praza do Convento

Os partidos xa elixiron os seus candidatos á alcaldía

BNG, PSOE e PP repiten líderes



Momento do acto de presentación de Ánxeles Vázquez

As tres formacións políticas que actualmente teñen representación no Concello -BNG, PSOE e PP- decidiron recentemente quen serán os candidatos á alcaldía melidense. Nos tres casos presentaránse aos comicios municipais do 22 de maio os mesmos representantes que o fixeran nas anteriores eleccións de 2007.

Os nacionalistas melidenses decidiron "case por unanimidade e sen ningún voto en contra" que debería repetir cabeza de cartel a actual alcaldesa, Socorro Cea, como así expresaron dende o propio partido.

No caso do PSOE local, o candidato será Manuel Prado, tras proclamarse gañadora a lista que encabeza nas eleccións primarias celebradas na agrupación local.

No caso do PP, a formación xa avanzara hai varios meses que Ánxeles Vázquez sería a candidata á alcaldía. A finais de xaneiro produciuse a presentación oficial, onde Vázquez estivo arroupada polos conselleiros de Presidencia, Traballo e Benestar e Sanidade, Alfonso Rueda, Beatriz Mato e Pilar Farjas, e polo presidente provincial do PP, Carlos Negreira.



Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

Os ingresos por licenzas urbanísticas na vila caen un 95% nos últimos catro anos

Pasaron de 665.300 euros no 2006 a uns 44.000 ao peche de 2010

A crise do sector da construción estase a sentir en tódolos ámbitos económicos e, dun xeito notable, nas contas dos concellos.

No caso de Melide, a alcaldesa, Socorro Cea, revelou no último pleno celebrado a comezos de febreiro, que os ingresos por licenzas urbanísticas caeron un 95% nos últimos catro anos. Segundo os datos expostos, a recadación por taxas do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pasou de 665.300 euros en 2006 a pouco máis de 44.000 euros ao peche do exercicio de 2010.

Cea tamén fixo referencia á “importante diminución” dos



A crise da construción merma os ingresos nas arcas municipais

ingresos estatais, que segundo indicou mermaron en 200.000 euros dende o ano 2006 ata o ano pasado.

A alcaldesa aludiu ós “contínuos problemas cos que se atopa este equipo de goberno para sacar adiante os proxectos que demanda a poboación e que Melide necesita” debido

á merma nos ingresos das arcas municipais.

Informe de Intervención

No pleno debatiuse tamén o informe trimestral do departamento de Intervención sobre a situación e contía económica das facturas rexistradas no Concello hai máis de tres

meses. Segundo o informe, o Concello debe 937.000 euros en facturas correspondentes aos anos 2009 e 2010.

Para o PP, a este montante habería que sumarlle unhas 202 facturas máis, que segundo Ánxeles Vázquez, “están recoñecidas pero pendentes de pago”, e que sumarían un importe total de 47.909 euros.

O concelleiro de Facenda, Antonio Díaz, afirmou que o actual goberno “herdou do anterior unha débeda de 1,8 millóns e dous préstamos bancarios por valor de 1,05 millóns de euros”. “Se este equipo de goberno non tivese herdado as débedas do anterior, hoxe en día as contas municipais estarían ao día”, engadiu Díaz e defendeu “o importante esforzo que está realizando o Concello en contención económica sen descoñar a prestación de servizos e a necesidade constante de acometer obras e melloras en infraestruturas”.

Tenso debate a conta da situación económica

O último pleno ordinario celebrado no Concello de Melide volveu deixar un tenso enfrontamento dialéctico entre a alcaldesa, Socorro Cea, e a voceira do PP local, Ánxeles Vázquez, a conta da situación das arcas municipais.

Vázquez acusou ó goberno local de incumprir a Lei de Morosidade e aludiu a un informe da Deputación da Coruña que, segundo as súas palabras, reflexa que “o bipartito local multiplicou por catro as facturas sen recoñecer, pasando dos 489.708 euros no 2006 a 1,6 millóns de euros no 2009”. Vázquez criticou a “falta de transparencia” da rexedora por “non querer debater o informe do ente provincial”.

Río Furelos concreta o programa de actividades para este ano

A asociación de troiteiros conta actualmente con 374 socios

A Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide concretou o programa de actividades que se celebrarán ao longo do presente exercicio. Foi no transcurso da asemblea xeral ordinaria, que tivo lugar o 29 de xaneiro en Melide.

Deste xeito, a asociación seguirá traballando na reposición das sinais de couto e vedado dos cursos do Furelos e do Catasol, así como na limpeza dos ríos mediante as tradicionais xornadas, que se celebrarán o 27 de agosto e o 3 e 10 de setembro.

O 9 de abril celebrárase o VI Campeonato de pesca Terra de Melide e o 7 e o 8 de maio o



Xornadas de limpeza no río Furelos

Campeonato provincial de pesca da Federación galega.

No caso dos cursos, organizarase o Máster de Campeóns de pesca a mosca o 14 de maio e os cursos de montaxe de mosca e montaxe de culleriña, en outubro e novembro, respectivamente.

A asociación participará no Proxecto Ríos de Adega, que se desenvolverá entre a primavera e outono.

Máis de 370 socios

O colectivo conta actualmente con 374 asociados, que celebrarán o Día do socio o domingo 3 de xullo.

Seguirán exentos de pago aqueles maiores de 65 anos, os menores de idade e os que acrediten estar no paro.

Tódolos socios teñen dereito a tres días de pesca gratis durante a tempada. O prezo dos coutos será de dous euros.

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322
981506188

info@asetem.com

Coida a túa saúde en Melide

ORTOSAÚDE

* ORTOPEDIA
* GABINETE TÉCNICO
* SILLAS DE RUEDAS
* CAMAS ORTOPÉDICAS
* SILLAS DE DUCHA

* MASTECTOMÍA
* SILLAS ELÉCTRICAS
* SCOOTERS
* CORSÉS
* ZAPATOS A MEDIDA

Ronda de Poncevedra, 6
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 50 78 74
Fax: 981 50 72 35
ortosaude@hotmail.com

Miriam Gómez Carrascal
Nº Colegiado 27/1103

clínica dental zona vela
Tel: 981 505000
Rúa Nova, 6 bajo_15800 Melide

HOTEL BALNEARIO RIO PAMBRE

Vilarinho (Sanbreixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35. Fax: 982 37 40 98
E-mail: info@balnearioriopambre.com
Web: www.balnearioriopambre.com

Fisioterapia Sana
Ana Belén Castro Sandín

Recuperación funcional * Masaje terapéutico
Fisioterapia osteopática * Reeducación Postural Global
Tratamiento del vértigo
www.fisioterapiasana.com

CITA PREVIA
Praza das Herbas, s/n
Melide (A Coruña)
Telf. Fax: 981 50 77 69
Movil: 645 97 08 54



CLINICA DE FISIOTERAPIA LAURA

981 50 72 81

Laura Ferreiro Varela
Fisioterapeuta coig. 992
plaza de las universidades, nº6, bajo
15800 MELIDE (A Coruña)

CENTRO MEDICINA TRADICIONAL CHINA QI
PR-20401-406

Clinica Qi.
José Ayude
Director

Acupuntura y mexibustión
Tuina, osteopatía y tai-chi
Farmacopea y dietoterapia

C/Vicente Risco, 6
15800 - Melide



beleza e benestar

Alexandra

Tratamientos Faciales e Corporais.
Estética do Pé.
Epilación (laser, eléctrica e cera).
Tratamientos Anticelulíticos.

belezaebeneestaralessandra@hotmail.com
Avda. de América nº 9, C.P. 15800, Melide (A Coruña). Tfno: 657 182 280.

clínica dental melident

laboratorio propio
• odontología xeral
• ortodoncia
• implantes
• prótesis
• ortopantomografía

Tfno: 981 507 588 - Rda. de Poncevedra, 67, b.
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno: 981 516 601 - Rúa Casa do Munh. 2, b.
15816 SOMORTO (A Coruña)



FISIO VIDA

Fisioterapia rehabilitación

Paula García Vázquez
FISIOTERAPEUTA - Coleg. 958

Tfno.: 981 50 70 47 - 666 56 29 04
E-mail: fisiovida@psg.com

Barcelo L. Carrillo, 16 local
15800 MELIDE (A Coruña)

La ecografía es un método de diagnóstico muy valioso, que brinda numerosos beneficios a los pacientes.

Los avances tecnológicos que se producen día a día han llevado a nuevas posibilidades de diagnóstico de la ecografía 4D o cuarta dimensión, que está representada por el movimiento de la imagen en tiempo real.

ROSALMAR
clínica médica

E-mail: angelriveiro@futurnet.es

Dr. Angel Riveiro Pérez
Director Médico

Praza das Universidades, 5 bajo
15800 MELIDE - A Coruña

Tel. y fax: 981 506 228
Móvil: 696 422 484

Medicina General:
Adultos
Infantil

Análisis Clínicos
RX y Ecografía
Enfermería / ATS
Reconocimiento médico laboral
Empleos
Autónomos
Concierto con:
Clas. de Seguros Médicos Privados
Mutuos Laborales
Valoración de accidentes / Daño corporal

ESPECIALIDADES:
Urología
Ginecología
Pediología
PSICOLOGÍA
FISIOTERAPIA Y OSTEOPATÍA

A concurso o servizo da limpeza para os edificios municipais

Aumenta a xornada laboral das traballadoras en case un 25%

O Concello de Melide sacou a concurso o servizo de limpeza nos edificios municipais. No prego de condicións publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) prevese un aumento da xornada laboral das traballadoras, que o tenente de alcaldesa, Manuel Prado, situou en “case un 25%”. “Fixemos unha subida dentro das nosas posibilidades”, asegurou Prado. Os centros onde se incrementa o servizo son os colexios, o centro médico e o multiusos. Ademais contéplase tamén a limpeza do velorio municipal as fins de semana.

O aumento de horas acadouse tras un acordo entre o



Incrementaranse as horas de limpeza no centro de saúde

sindicato UGT e o concello. Segundo o representante de UGT, David Barrio, as novas condicións “non satisfan plenamente as nosas reivindicacións, pero si se achegan bastante á realidade”.

Barrio recoñeceu a que “mediación da alcaldesa, Socorro Cea, foi fundamental para desbloquear a negociación, que

estaba ata o momento nun punto morto”.

Por outra banda, a concesionaria actual do servizo de limpeza, a firma Seralia, aceptou prorrogar a prestación do servizo ata que remate o proceso, que será a finais de marzo se todo evoluciona sobre os prazos previstos, segundo confirmou Manuel Prado.

O Xacobeo olvídase das casas da Praza das Coles, en risco de derrubamento



Os veciños temen que se produza un derrubamento

O Concello de Melide remitiu ao Xacobeo unha carta -por cuarta vez consecutiva- para reclamar a rehabilitación das casas da Praza das Coles que esta entidade adquiriu no 2007 para convertelas en centro de interpretación do Camiño e oficina turística.

Dende o goberno local aler-

tan do “gravísimo deterioro” destas dúas casas, que supoñen un perigo para os veciños que transitan pola zona. Nos últimos meses caeu parte do tellado e no interior acumúlanse cantidades de lixo. Reclaman unha resposta “urxente” ao Xacobeo sobre a decisión que tomará.

O goberno local descarta ampliar o polígono da Madanela no PXOM

O LIC impide o seu crecemento, como reclaman as empresas alí instaladas

Hai escasamente un mes, Asetem-Cca, a Asociación de Empresarios do Polígono da Madanela e outras industrias asentadas en Melide presentaban ante a Consellería de Medio Ambiente varias alegacións ao documento inicial do PXOM da vila -que foi exposto polo departamento da Xunta previo paso á declaración de impacto ambiental-, no que se prevé a creación dunha nova área industrial ao sur da localidade en detrimento da ampliación do polígono actual.

Os empresarios reclamaron a desafección dunha franxa do LIC Serra do Careón para cubrir as necesidades de crecemento do parque empresarial.

Algo que non poderá ser posible, segundo confirmaron dende o Concello, xa que a protección que rixe ese espazo natural impide a ampliación do polígono. “A declaración do LIC paralizou o desenvolvemento do polígono e fai difícil unha ampliación, así como a clasificación de solo urbanizable en terreos que, por imperativo legal, deben ter a clasificación de solo rústico de protección de espazo natural”, indícase no anteproxecto do plan xeral. A isto hai que sumarlle a franxa de protección derivada do paso do Camiño de Santiago polas inmediacións do parque empresarial.

A alcaldesa, Socorro Cea, asegurou que sería unha “ilegalidade manifesta” clasificar como solo urbanizable industrial terreos para os que a lexislación vixente estipula unha clasificación de solo rústico especialmente protexido.

Dende o goberno local lamentaron ter que renunciar á ampliación do actual polígono

“por ter cometido anteriores gobernos locais do PP o enorme erro de solicitar a inclusión da zona na que está instalado dentro da Rede Natura 2000”.

Empresas fóra do parque

Por outra banda, varias industrias ubicadas nas inmediacións do polígono -respaldadas por Asetem-Cca- solicitaron que o PXOM “recoñeza e recolla” a súa existencia, “xa que forman parte do tecido industrial de Melide así como da estrutura socioeconómica do municipio e da comarca”, indicaba o texto da alegación presentada.

O goberno municipal amosou o seu apoio aos empresarios. “Será no PXOM onde se traballará para regular a situación de fóra de ordenación de tales industrias, de xeito que sexa compatible a pervivencia das mesmas co uso existente, garantindo a súa viabilidade futura”, afirmaron dende o Concello.

Polémica entre o PP e o Concello a causa dos obradoiros de emprego

O PP asegura que o goberno non presentou a documentación

O PP de Melide denunciou que o Concello perdeu o obradoiro de emprego ‘Repoboación forestal e tratamentos selvícolas na Serra do Bocelo’ por non enviar a documentación requirida pola Xunta de Galicia. Asegurouno a voceira popular Ánxeles Vázquez dicindo que o goberno local “se esqueceu de enviar documentación tan importante e obvia como a memoria descritiva ou a aprobación da Xunta de Goberno Local”.

Vázquez lamentou que Melide non conte con obradoiro de emprego este ano e que se perda a oportunidade de darlle emprego a 30 persoas, que percibirían unha retribución de 1.000 euros durante un período dun ano.

Ánxeles Vázquez critica a “falta de interese” da alcaldesa

melidense por incentivar e adoptar medidas que fomenten o emprego no concello. “É inadmisíbel que a actual alcaldesa, durante o seu mandato, non lograse nin un só taller de emprego para Melide”.

Subvencións en prazo

Dende o Concello aseguraron que “non houbo orde, subvención ou axuda publicada pola Xunta que non fora solicitada polo Concello de Melide”. No caso do obradoiro de emprego mencionado, aseguraron que os requisitos esixidos pola Xunta “eran imposíbeis de cumprir ou de achegar en só dez días”, polo que optaron por non seguir coa tramitación. “En ningún caso se perdeu o obradoiro por non contestar ou por facelo fóra de prazo”.



OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

O carón do Ulla, sito entre dúas provincias, atoparedes un máxico muíño, cheo de mouchos, sapos, bruxas, dentes, trasgos e diablos...

Cada fin de semana, todos participaremos no **Conxuro** para quedar libres dos males da bosa ialma e de todo **Embruxamento**.




Pechado os mércores, vispera de festivo non

Tlfs: 981 191 171 - 699 171 295

Barazón (Ponte Arcediago)

Santiso - A Coruña

Acompañádenos e oíredes o ruído das bruxas que non poden deixar de queimarse na nosa augardente.


Se é verdade que tes máis poder ca humana xente atrebeche a visitar

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

A túa pecadora lingua disfrutará dunha boa cocina galega

Aberto a partir das 11:00 h

Sínte a forza do ar, vento, mar e terra

Cafe Vagalume

Ciber Billares Salón de TV

Cantón de San Roque • 15800 MELIDE





Sobrado aposta pola fusión de servizos ao xuntarse con outros catro concellos

É un proxecto pioneiro con Curtis, Aranga, Oza dos Ríos e Cesuras

Buscan xestionar auga, residuos e servizos sociais conxuntamente



A fusión de servizos podería implantarse na recollida do lixo

Pode ser o primeiro paso para a controvertida fusión de concellos que dende hai varios meses -quizais anos-, planea sobre o panorama político municipal e autonómico da nosa comunidade.

O concello de Sobrado, xunto cos de Curtis, Aranga, Cesuras e Oza dos Ríos presentaron un proxecto piloto que aposta pola fusión de servizos. Unha fórmula para abaratar custos e mellorar as prestacións. Iso si, respetando a identidade de cada termo municipal.

Os cinco concellos da montaña coruñesa, que pertencen

a distintas comarcas -o de Sobrado está integrado na bisbarra da Terra de Melide- xa presentaron ante a Dirección Xeral de Administración local da Consellería de Presidencia, a petición para que se realice o estudo de viabilidade para este proxecto, que tamén quere implantar a mancomunidade Arousa Norte.

Deste xeito, buscan xestionar de forma conxunta servizos como o abastecemento de auga, a rede de sumidoiros, a xestión de residuos ou determinados servizos sociais. Non obstante, a lista de prestacións que se poden administrar

deste xeito é moi ampla.

Os elevados custos que supón o mantemento destes servizos xunto coa época de crise que viven as contas dos consistorios -cunha drástica redución dos ingresos procedentes doutras administracións e de certas taxas e tributos que xestionan directamente- son os principais motivos que están detrás deste proxecto pioneiro, ao que Presidencia amosou o seu apoio.

Se a idea prospera, os cinco municipios deberán firmar un convenio marco que estipule as normas á hora de actuar sobre o terreo.

Uns 2.400 emigrantes da comarca quedarán sen votar nas eleccións

A reforma electoral impide o voto só nos comicios municipais



Reconto do voto emigrante nas últimas eleccións

A modificación da Ley Electoral -aprobada o 19 de xaneiro- que impide aos emigrantes españois votar nas eleccións municipais afectará a un total de 2.432 residentes ausentes da comarca da Terra de Melide, segundo os datos do Censo de Residentes Ausentes (CERA) datados a 1 de decembro de 2010, que publica a Oficina do Censo Electoral.

Deste xeito, máis do 20,5% dos electores da comarca non poderán votar nas próximas eleccións locais, que se celebrarán o próximo 22 de maio de 2011.

Os candidatos a alcaldía dos

concellos da zona terán que ter en conta esta nova situación, xa que nalgúns casos é moi importante a porcentaxe de votos procedentes do exterior.

Así sucede no concello de Santiso, no que o voto dos emigrantes supón o 41,8%. En cifras totais son 724 os electores de fóra que non votarán.

Sobrado non poderá contar cos 576 residentes no exterior, que significan case un 30% do censo electoral.

Menos afectados veranse os municipios de Toques e Melide, nos que o voto emigrante supón un 19,2% e un 12,8% do censo, respectivamente.

Dotan de parques infantís aos colexios de Santiso

Os colexios de educación infantil e primaria de Arcediago e Visantoña, no concello de Santiso, contarán con sendos parques infantís ubicados nos seus respectivos patios. As instalacións, totalmente adaptadas para os pequenos, teñen varios xogos coma tobogáns, trampolíns ou ban-bans adaptados totalmente para o uso dos pequenos, incluído o chan de caucho para evitar lesións maiores.

Os parques, que ocupan unha superficie de arredor de 200 metros cadrados, supuxeron un investimento duns 87.000 euros, segundo confirmaron dende o consistorio.

Ademais, no colexio de Arcediago tamén se instalou



Pista multideporte no colexio da Ponte Arcediago

unha pista multideporte, que conta cun pintado e equipamento axeitado para que os rapaces poidan practicar fútbol, baloncesto ou balonmán.

Obras do PEIM

Por outra banda, xa remataron as obras de asfaltado de varias pistas nas parroquias de Rairiz e Mourazos, que o Concello de Santiso realizou no marco do Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural da Consellería de Medio Rural. A inversión total nestes traballos ascendeu a 90.000 euros.

Nestes momentos estanse acometendo varias obras na parroquia de Visantoña, entre elas a ampliación do treito entre o cruceiro e a igrexa.

Toques homenaxeará a Delfino Liñeira Fraga

O Concello de Toques celebrará unha homenaxe para honrar a Delfino Liñeira Fraga, veciño do municipio e membro da CNT, que foi condenado e fusilado tras un consello de guerra o día 11 xullo do 1937 na Coruña.

O acto, para o que aínda non hai unha data fixada, consistirá na colocación dun monolito cunha placa conmemorativa no lugar de Piñeiro, aldea na que viviu ata que marchou á cidade da Coruña. O acto complementarase cunha conferencia sobre a figura do homenaxeado.



CONCELLO DE SANTISO



Fonte de Mourazos



Fonte da Pontenova

**Os investimentos
en Santiso ao longo
da última lexislatura**



Estrada a Arzúa



Campo de fútbol



Paneis solares

A Deputación da Coruña promociona as Terras de Ulla e Tambre en Fitur

Véndese como destino para ver o proceso de elaboración do queixo e do mel

No maior escaparate do turismo en todo o mundo -a Feira Internacional de Turismo (Fitur) que se celebra tódolos anos a finais de xaneiro en Madrid- a Deputación da Coruña promocionou como destino turístico as Terras de Ulla e Tambre.

Ademais de distribuír folletos e guías sobre este territorio -integrado polos concellos de Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado dos Monxes, Toques, Touro, Vedra e Vilasantar-, no stand que a Deputación da Coruña tiña no pavillón de Galicia, houbo un acto de presentación da oferta turística de toda a provincia.

Baixo o paraugas do turismo gastronómico, o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, fixo



Stand da Coruña coa promoción de Terras de Ulla e Tambre

referencia a esta comarca como un destino no que, ademais do clásico turismo de paisaxes e arquitectónico ou etnográfico, existe a posibilidade de presenciar o proceso artesanal de elaboración do queixo ou a obtención do mel nos concellos que conforman este destino turístico.

Promoción turística

Terras do Ulla e Tambre é un

grupo de promoción turística creado hai dous anos ao abeiro do Plan de Mellora da Calidade Turística de Portodemouros e que actualmente dirixe Lidia Iglesias.

Este grupo busca a posta en valor do patrimonio natural e cultural, levando a cabo estratexias de difusión da oferta turística en feiras especializadas ou mediante a creación de novos produtos turísticos.

Sobrado por en marcha un roupeiro solidario



Poderán doarse xoguetes e roupa e complementos

Roupa, complementos e xoguetes. Estes son os artigos que recibe e proporciona o Roupeiro Solidario posto en marcha dende o Concello de Sobrado.

Esta iniciativa do departamento de Servizos Sociais persigue a reutilización destes obxectos para cedelos a calquera persoa que o precise. O roupeiro está aberto os xoves en horario de 9.00 a 14.00 horas, na Casa do Concello.

Segundo explicaron fontes municipais, calquera particu-

lar pode facer doazóns de roupa, complementos e calzado -tanto infantil como para adultos- sempre que os artigos estean en bo estado, limpos e listos para o uso. Iguais condicións se requiren para os xoguetes.

Estes artigos poderán ser solicitados por tódalas persoas que así o requiran, sen necesidade de xustificar as súas condicións económicas ou sociais, indicaron dende o consistorio, sexan veciños de Sobrado ou de concellos limítrofes.

**ASETEM-CCA agasalla
ós seus socios unha
memoria USB gratis**

Infórmate no 981506188

Comeza un curso de envellecemento activo para maiores en Toques

Conseguir que os maiores se manteñan activos despois de rematar a súa vida laboral é o obxectivo do curso de Envellecemento Activo que programa o Concello de Toques.

Esta actividade, que se pon en marcha por segundo ano consecutivo, comezará o próximo 14 de febreiro, segundo indicaron dende o propio Concello toquense. Impartirase en horario de luns e mércores, pola tarde, probablemente de 16.00 a 18.00 horas.

O curso, destinado a persoas maiores de 65 anos, contará con obradoiros de psicoestimulación da memoria, manualidades e canto coral. Ademais, impartiranse charlas sobre temas de interese xeral, como poden ser os hábitos de hixiene e saúde ou sobre diversas enfermidades.

Cada 15 días, os participantes viaxarán ao Balneario de

Pambre para tomar as augas, actividade que se rexerá segundo as indicacións oportunas que os especialistas aconsellen a cada persoa.

Tódalas clases serán impartidas por profesionais especializados, como profesores ou psicólogos.

Este obradoiro é de carácter gratuito. Os participantes unicamente terán que pagar uns gastos mínimos no caso de usar o servizo de transporte que os recolla na súa aldea e para ir ao balneario.

O prazo límite para inscribirse remata o día 11 de febreiro. Os interesados poderán formalizar a súa inscrición nas oficinas da Casa do Concello ou a través do teléfono 981505826.

Dende o Concello de Toques agardan que a actividade conte coa mesma boa aceptación que na edición pasada.



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade
Novas intalacións en
Rúa San Pedro, 16
Melide**

**Tenda Tif/fax: 981505723
Queixería Tif/fax: 981100252**

**Balada - Visantón
15809 Santiso**

xebre@telefonica.net

O catálogo de medicamentos xera queixas entre usuarios e farmacéuticos da zona tras un mes en funcionamento

As boticas falan de problemas co abastecemento e da desconfianza dos clientes

Hai opinións contrarias sobre o aforro real que terá esta medida

Dende que o pasado 3 de xaneiro entrara en vigor o catálogo priorizado de medicamentos implantado pola Xunta de Galicia, sucedéronse os problemas de abastecemento nas farmacias da vila. Pasado un mes dende a posta en funcionamento, van a menos as dificultades de facerse con certos tipos de medicamentos, segundo comentan os propios farmacéuticos.

Os primeiros días houbo



As farmacias tiveron dificultades co abastecemento

problemas co abastecemento de fármacos para tratar a hipertensión e o colesterol, ou co protector de estómago recomendado no catálogo.

Nalgúns casos, eran os propios almacéns os que non dispoñían dos medicamentos porque os laboratorios non fabricaban tanta cantidade

como era necesario.

Dende a súa posta en marcha, o catálogo foi recorrido pola Federación de Farmacias de Galicia máis polo Goberno central, que presentou un recurso ante o Tribunal Constitucional, por invadir varias competencias do Estado, entre elas as de coordinación xeral

da sanidade e de lexislación de produtos farmacéuticos.

Diversidade de opinións

É efectiva esta medida? Segundo os datos da Xunta, aforráronse 3,9 millóns de euros nos primeiros 15 días de funcionamento do catálogo. Pero os propios farmacéuticos teñen opinións encontradas acerca do aforro que supón financiar os xenéricos máis baratos. Para a maioría, si é unha boa medida. “Nalgúns casos pasouse dun medicamento que custaba 20 euros a outro que só custa 7”, aseguran dende a farmacia de Begoña Fernández en Melide.

“Esta non é a solución. O problema do exceso no gasto debería controlarse dende o que prescriben os médicos”, aseguran na farmacia López.

Dende as boticas critican que a medida se implantara “moi apresuradamente”. Foi aprobada o 29 de decembro e o día 3 de xaneiro as farmacias xa tiñan que funcionar con este sistema. “Tiñamos moita

cantidade de medicamentos almacenada, sobre todo dos que se despachan con receita, e agora non podemos darlle saída”, comenta a farmacéutica de Toques. Asegura que as perdas para o seu negocio poden chegar ata os 6.000 euros. Só algúns laboratorios compensarán esta situación abonando os custos dos fármacos.

A acollida dos clientes

Ó longo deste mes foi frecuente ver colas nas farmacias. “Temos que empregar moito tempo para explicar aos clientes que son os mesmos medicamentos”, aseguran dende unha botica melidense. Hai moitas persoas, sobre todo as de máis idade, que amosan certa desconfianza de cara ós xenéricos. Para os enfermos crónicos tamén supón un trastorno este cambio repentino. “Eu guiábame polas caixas e polos nomes e agora xa non me aclaro que teño que tomar”, asegura un veciño de Santiso.

Veciños de Santiso coñeceron a fondo a nova Lei de Augas



O BNG de Santiso impartiu charlas en varias parroquias

Uns 500 veciños de Santiso asistiron ás charlas sobre a nova Lei de Augas que organizou recentemente o BNG de Santiso. As charlas tiveron lugar nos locais sociais de Ponte Arcediago, Novela, Belmil, Visantoña, Beigondo, Ribadulla, Pezobre, Barazón e San Román.

Dende o BNG de Santiso sinalan que o canon da auga que establece esta controversia normativa e que obrigará ós veciños con pozos e traídas veciñais a pagar pola auga que

consuman-, afectará en grande medida ao concello, posto que na actualidade todo o abastecemento de auga é dos propios veciños, ó non haber suministro municipal. “Isto fai que o canon sexa especialmente lesivo para o noso concello”, explica Manuel Adán.

Co obxectivo de evitar a posta en práctica da lei, o BNG de Santiso está a recoller sinaturas por todo o concello. Non obstante, o canon non entrou en vigor ó non estar redactada a normativa que o regula.

Presentación oficial do clube Toques Rally Sport o próximo 18 de febreiro

O vindeiro venres 18 de febreiro presentarase oficialmente a escudería Toques Rally Sport.

A directiva do clube, encabezada por Alberto Fraga e con Fran, Santi, José Manuel e Mario Prieto de compañeiros, traballaron dende finais de 2009 para formar o equipo. Xa participaron o ano pasado nos ralis de Melide e Lalín.

Este ano correrán con catro coches: un BMW M3, dous

Ford Fiesta XR2 e un Opel Corsa. Participarán no campionato galego, pero só en carreiras puntuais.

A presentación do equipo será ás 22.00 horas no Polideportivo de Toques. A entrada custa 20 euros. Ademais da cea, estarán expostos os coches cos que correrá a escudería e outros vehículos de pilotos de Melide e Lugo. Tamén haberá unha sorpresa, un “coche peculiar” que foi

conducido por un piloto importante que correu no campionato nacional e en probas internacionais, segundo desvelou Fraga.

O equipo estará patrocinado por: Discoteca Palladium, Pub Zerox, Pub Laicus, Luer Instalaciones, Ferrallas Vulcano, Distribucións Casal Penas, Panadería Toques, Alicatados Santi Neira, Taller Belarmino, Pub Kemais e Restaurante Xaneiro.



Retómase o campionato de kaiak extremo nas augas dos Torrentes de Mácara e Ramil

A organización agarda manter a participación de anos anteriores

Premiarase aos primeiros galegos clasificados para incentivar a súa participación



Numeroso público segue a competición dende a beira do río



A competición congrega deportistas de toda Europa

Os amantes do kaiak extremo xa teñen marcado no calendario os días 19 e 20 de febreiro, datas nas que se celebrará a VI Copa galega de kaiak extremo. Como aconteceu nas edicións anteriores, a competición celebrárase nas augas do Alto Ulla, nas coñecidas Torrentes de Mácara-Ramil.

Despois do parón do ano pasado, no que non se celebrou a competición por problemas organizativos, este ano os responsables da copa -que xa teñen todo o programa pechado- agardan un nivel de participación semellante ó de anos anteriores. Nesta ocasión, a diferenza das pasadas, os participantes deberán estar federados.

O campionato xa é coñecido fóra das fronteiras galegas e a el acuden numerosos depor-

tistas do País Vasco, Cataluña, Portugal e de países centroeuropeos, destacando a presenza dos alemáns.

Dous días de competición


Organizado pola Plataforma Social pola Defensa do Alto Ulla, co apoio da Federación Galega de Canoaxe, a Asociación Cultural e Ecoloxista 'Curuxás', Adegas e a empresa de turismo activo Ferventía e coa colaboración de numerosas empresas e asociacións da zona -entre elas Asetem-Cca-, o campionato dará comezo o sábado 19 ás 11.00 horas, coa celebración dunha proba clasificatoria no tramo coñecido como 'Cachón das Pesqueiras'.

Xa ás 13.30 farase unha exhibición de baixada das torrentes, entre a zona das Augas e a aldea de Ramil

(Agolada). Coma en edicións anteriores, a organización conta coa presenza de numerosos espectadores que sigan o descenso dos deportistas polas beiras do curso fluvial. Habrá transporte en autobús dende Ramil ata a zona do descenso.

A competición continuará o día seguinte, cando se disputarán as probas finais en horario de 11.00 a 13.30. Ás 15.00 será a entrega de premios no campo da festa de Ramil. Na categoría masculina haberá tres grandes premios, dotados con 800, 500 e 250 euros, respectivamente; e na feminina o primeiro premio será de 250 euros e o segundo de 100.

Por primeira vez, entregárase un premio especial -de 200 euros para homes e 100 euros para mulleres- ao primeiro galego clasificado.



O campionato busca poñer en valor a zona do Alto Ulla

Os benxamíns do Cire xogaron contra os seus pais



Os benxamíns do Cire de Melide disputaron un encontro que resultou moi especial para toda a plantilla, xa que os seus contrincantes foron os seus

propios pais. Durante o partido houbo xogadas brillantes por parte dos dous equipos, pero na tanda de penaltis os pequenos demostraron ter

maior puntería ó derrotar ós maiores. Despois de sudar a camiseta, pais e fillos celebraron xuntos un xantar de confraternidade.

Un libro recolle relatos da tradición oral do Camiño

O libro 'Os contos do Camiño' recolle varios relatos da tradición oral do Camiño de Santiago, xunto coas ilustracións que para eles fixeron máis de 25.000 escolares de España, Francia e Portugal.

Os rapaces participaron na actividade 'Ilustrar un conto con...', na que un famoso ilustrador internacional escolleu un relato tradicional do seu lugar de orixe para contarllelo e logo facer cadanseu debuxo facendo uso de pinceis, tinta, lapis, tea e papel.

Léronse varios contos tradicionais galegos e outros de lugares como Burdeos (Francia),

Madrid, Évora, Óbidos, Pomal ou Beja (Portugal).

O desenvolvemento desta iniciativa tivo moi boa acollida entre o público infantil e os docentes dos centros que participaron. Ademais, foi a única representante galega no Programa Cultura 2007-2013 da Unión Europea, que só seleccionou en España a outras dúas iniciativas. 'Os contos no Camiño' foi a finalista, ao sumar 32 dos 35 puntos totais.

Agora, todo o público pode ver as distintas creacións que ilustran o libro a través da páxina web www.oscontosdocamiño.eu.

Os escolares da comarca celebraron o Día da Paz



Invocando unha lenda xaponesa, centos de grullas “voaron” no CEIP Mestre Pastor Barral de Melide para pedir que a paz sexa unha realidade.



Os alumnos do CEIP de Toques fixeron un mural no que cada un colocou o seu corazón no que expuxeron os seus desexos para un mundo en paz.



No CEIP Nº1 de Melide varios alumnos representaron unha obra que reflexaba os seus desexos de paz e non violencia para o mundo actual.



No colexio de Arcediago (Santiso) os alumnos fixeron diversas actividades e xuntáronse arredor dunha pomba da paz nesta fotografía.

Arranca a promoción da Foliada 2011

Celebrarase os días 30 de abril e 1 de maio na vila de Melide

A Asociación Cultural e Musical O Castelo xa comezou a promocionar a Foliada deste ano, que será a sétima edición deste certame que mestura a música e baile tradicional galego con animación e artesanía e mostra de oficios.

Xa se presentou a nova imaxe para este ano e nas redes sociais xa se pode ver un novo vídeo promocional que



Nova imaxe da Foliada 2011

anima ao público a visitar Melide a fin de semana do 30 de abril e 1 de maio.

Dende O Castelo xa comezaron a traballar na elaboración do programa para esta edición, que terá sorpresas.

O Leboreiro convértese en plató de cine

En 1910, unha terrible maldición cae sobre a vila de Arga, xa que o fillo da marquesa de Mariño convértese en lobis-home ó cumprir os 10 anos. Un século despois, o último descendente dos Mariño regresa ó lugar sen saber que será o protagonista. É nomeado fillo adoptivo, pero ademais convértese na vítima dun sacrificio a través do que os habitantes da aldea pretenden librarse do feitizo.

Esta é a trama de Lobos de Arga, unha comedia de terror cuxo equipo de rodaxe se desprazou ata a aldea melidense do Leboreiro para filmar varias secuencias da película.

Máis de 50 persoas alteraron a tranquila vida da aldea,



que se transformou nun plató de cine ao longo dunha xornada. Estivo presente Manuel Manquiña, o protagonista do filme, que está dirixido por

Juan Martínez Moreno ('Dos tipos duros', 'Un buen hombre') e producido por Vaca Films ('Celda 211', 'Secuestrados') e Telespan 2000.

Ficcións sobre a 'perda' de Novacaixagalicia

Santiago Prado Conde (Chago)
Antropólogo

Prezados lectores, comezo a colaboración que ten a ben concederme este xornal pedíndolles desculpas porque vou ficcionar, seguramente que de xeito desproporcionado para a seriedade que se me atribúe. A cabeza, como xa din moitas persoas desta terra, “non para”, e despois de tratar de buscar luz na escuridade que nos rodea no último mes, non podo máis que manter a distancia co esperpento ao que me obrigan a vivir.

Meses de tensión, acordos que parecían inalcanzables, loitas sen precedentes, manifestacións incluídas e procura insaciable por controlar parte do pastel, pois resulta que agora coñecemos que tal pastel non existía e que todo se está a diluír tan rapidamente que os cidadáns estamos atónitos ante tal esperpento. O esperpéntico non é que a “Novacaixagalicia” non acade as esixencias; o esperpéntico, permítanme dicir, é que as acusacións á sen razón de ter dúas caixas, as críticas a un modelo non viable e, incluso, que a repetida fusión era un ben para o país, pois resulta que agora todo se desvanece porque non se da a “talla” requirida.

Moitos nestas terras estanse laiano do cambio das regras de xogo, mentres noutros lugares non parecen sorprendidos polas novas esixencias e xa alcanzan de sobra o que será o novo core capital requirido ou están traballando duramente por alcanzalo, e as previsións apuntan na boa dirección. Perdóenme entón estimados lectores por unha pregunta inxenua e ficcionada: pode ser que as esixencias anteriores foran unha prórroga co fin de

que se acadaran os fondos e inversores necesarios para chegar ao que se sabía que ocorrería? Se esta pregunta ficcionada e mal intencionada pode ser pertinente e significativa, unicamente podo entender que os deberes non alcanzaron a calidade que se require. É dicir, a aposta das fortunas doutros lugares do estado é investir nas súas caixas (creo que sobran os exemplos) porque a rendibilidade de dita inversión é un proxecto para manter a súa hexemonía económica, e polo tanto política, e resulta que neste recuncho non se garante do mesmo xeito?

Outra explicación a tan desproporcionada cavilación resultaría un despropósito, a pesares do paradoxo que parece que estou a esgrimir. Algunhas voces espetaron que non hai compromiso co país e a predestinación indica que dificilmente teremos unha entidade financeira con dito compromiso. Eu, posto a ficcionar, o único que alcanzo a entender é que o aforro dos galegos na nosa xa única caixa, que revisten positivamente no territorio porque así se regula por lei, van quedar a disposición das decisións particulares se se bancariza a caixa. Os bancos non teñen compromiso nin co territorio, nin cos seus aforradores nin incluso coas persoas. Isto non quere dicir que non existan bancos que leven a cabo unha labor social que poidamos dalgún xeito valorar, mais todo queda á vontade dos seus dirixentes e o compromiso non existe nin se regula.

Polo tanto, a labor realizada polas caixas a través da chamada “obra social” e que, sen

lugar a dúbidas, serviu para liberar as arcas da Xunta e do Estado ponse en cuestión. As bolsas coas que moitos dos nosos mozos foron quen de alcanzar unha cualificación técnica e científica que as súas familias non podían pagar; as axudas aos nosos maiores, ben con centros, con programas de investigación ou tamén con actividades lúdicas; a contribución ao medio ambiente; os centros culturais; os programas de axuda a persoas en risco de pobreza e exclusión social; os campamentos infantís e xuvenís xunto ao fomento con deportes de base, e un longo etcétera co que podería continuar é o que poñemos en risco de desaparición se non somos quen de manter unha caixa que se denomine galega, comprometida co territorio, coas súas xentes, coa súa creación cultural e, en definitiva, co benestar.

Quizais a ficción dalgúns dos argumentos sexa debida a que non miro a realidade cos ollos que debería, mais non entendendo que se poida deixar esmorecer un proxecto do que todos obtemos algún tipo de beneficio.

A ficción, en definitiva, poder non ser máis que o rexeitamento ao noso, que non alcancemos a ver os beneficios e que pensemos que das perdas sociais poidamos obter algún tipo de lucro económico no mundo mercantilizado. Por poñer un exemplo, e como vostedes ben saben, a pobreza tamén parece ser unha mercadería coa que outros se enriquecen, en vez de alcanzar a mirala como unha das vergoñas da nosa sociedade cristianizada, europea e capitalista. Reitero as miñas desculpas.

Preámbulo tempada 2011

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



Calcúlase que o número de libros de pesca que se publican, revistas especializadas, etc, supera ao conxunto de tódolos editados sobre os demais deportes. Trátase, sen dúbida, dun dato crible. Lin centos de libros sobre a pesca, caza, ...

Hai uns anos todavía podía ir pescar, en calquera época do ano, a moitos países (incluída Galicia); ler un artigo semanal sobre pesca para calquer revista e periódico e aínda me quedaba tempo para ollar case todo o que se publicaba en inglés sobre as troitas.

Eses días nunca volverán. A curva expoñencial do crecemento da poboación foi provocando unha progresión xeométrica dos autores que escriben sobre a pesca.

Actualmente, ese nivel esixe ser un adicto á lectura rápida, posto que cada unha das disciplinas da pesca con cana é obxecto de infinidade de estudos.

Entón, a qué fonte pode dirixirse un principiante que queira aprender as técnicas modernas da pesca da troita que se practican nos nosos días? Case todos os lectores de revistas especializadas atoparán, nalgunha das súas páxinas, a verba xusta ou a

fotografía precisa que o sitúe no camiño correcto e preciso, xa se trate da sempre elegante pesca con mosca, ou da dinámica e agotadora pesca deportiva con culleriña, monótona con miñoca, excitante con saltón e sublime nas horas do sereo con rapala. Incluso os troiteiros máis veteranos descubren que as novas facetas exploradas, as novas técnicas destas artes nos nosos días, tendo en conta que ningunha fonte de sabiduría é “completa”, constitúe unha forma esencial, digna de formar parte da memoria e aprendizaxe de todos os afeccionados.

Por suposto, recomento a calquera principiante ante a proximidade da nova tempada, que se encha de paciencia, humor, ledicia e que se asesore cun amigo que leve tempo pescando. Para todo o demais, calquer dúbida, requisitos legais... estamos na Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ dispostos a compartir unhas xornadas de pesca, información, técnicas do momento, as mellores moscas, culleriñas...

A DISFRUTAR A PESCA DA TEMPADA 2011!



**Asociación
de Empresarios
Terra de Melide
Centro Comercial Aberto**

**Mercar
en Melide,
todo un acerto**

Os galegos, coñecemos Galicia?

Xosé Núñez López

Non hai moitos meses, na contraportada do noso periódico Cerne facíase esta interesante pregunta ós galegos: “Galicia, coñécela? Quédate. Lugares que merecen a pena descubrir, momentos únicos que merece a pena vivir. Galicia, tan túa, tan cerca”.

Eu aínda lle engadiría: e tan lonxe de ser coñecidas e valoradas. Cada pedra, cada ruína, cada monumento, cada bosque...

“Só nas beiras atlánticas poden vivir os pequenos pobos, ceibes, quizais precisamente por estar no centro das correntes do mundo”. Esta é a reflexión que nos deixou escrita Don Ramón Otero Pedrayo en “Arredor de sí”.

Á marxe da pregunta que se nos facía no Cerne, que quere ser case un rogo, ou cando menos unha invitación a todos os galegos para que poñamos máis interese en coñecer a nosa terra, eu dende fai moitos anos tiña grande ilusión en coñecer Galicia, porque como a maioría dos galegos que nacemos e nos criamos no interior rural galego, se cadra fomos algunha vez a Santiago ou á Coruña, antes de ter que emigrar para outros lugares de España ou para o estranxeiro, sen saber case nada sobre as cousas importantes que temos aquí, e daquela, se aínda por riba tiñamos poucos estudos, como viña ocorrendo non hai tantos anos, sen querer dabamos a nota moi negativa para a nosa terra, dicindo que marchamos de Galicia porque aquí non había nada do que atopamos en Bilbao, Barcelona ou Madrid, poñamos por exemplo.

E como eu son deses que emigrou para Cataluña, con ese mínimo coñecemento de Galicia, en canto puider elixín un traballo (para o cal non tiña ningunha vocación nin experiencia), como foi o de facerme representante comercial para toda Galicia, sendo un dos principais obxectivos coñecer a miña terra de cabo a rabo. E así o fixen durante once anos, porque ó mesmo tempo era a única maneira de facelos sen menoscabo da miña feble situación económica.

Durante eses once anos falei con moitas persoas, facendo preguntas sobre as cousas que ía vendo e que me chamaban

máis a atención. Dende as catro capitais doutras tantas provincias galegas ata o máis pequeno pobo ou currunch, onde había unha tenda que vendese artigos para practicar a pesca deportiva ou outra clase de produtos deportivos, que eran os que eu representaba.

Este traballo non pretende ser unha guía turística, senón unha superficial escolma das cousas que máis me chamaron a atención e que ó meu parecer, os galegos deberíamos ter, como mínimo, certo coñecemento sobre as mesmas.



Torre de Hércules, A Coruña

Escomecemos pola provincia da Coruña, e dado xa por sabido que todos ouvimos falar e ata ver a Torre de Hércules, que é o faro romano máis antigo do mundo que segue en funcionamento, falei doutros lugares. A min o que me impresionou moito foi cando cheguei por primeira vez, e ademais de noite, a un alto dende onde se domina o complexo industrial das Pontes de García Rodríguez. Pareceu-me unha visión case pantasma, con luces de distintas cores e chemineas de abraiadas dimensións ao alto e ancho. Durmín esa noite alí e cando pola mañá puider contemplar todo aquel movemento de terras, con montañas desfeitas para arrincar das



As Pontes de García Rodríguez

súas entrañas o carbón e os trens de arrastre do mesmo, aínda me causou maior impresión có panorama de luces da noite anterior.

Deixemos a un lado tamén Santiago, e as costas cantábrica e atlántica, que non temos espazo para máis.

Chegamos a Lugo e, deixemos tamén a Muralla, o único fortín romano que se conserva completo no mundo, Patrimonio da Humanidade, así como a beleza da costa cantábrica.



Muralla de Lugo

Parémonos tan só nun pobo pequeno do interior, como é A Pontenova, onde poden contemplarse un par de Altos Fornos máis antigos cóos famosos de Bilbao. Están ó pé dunha montaña, da cal se extrairían as materias primas que pasaban directamente aos fornos - que se quentaban con leña da propia montaña- para deixalas na forma líquida desexada. Hoxe atópanse axeitados e iluminados para as visitas de turistas.



Altos fornos da Pontenova

Se algún galego soubera isto, cando chegou emigrado a Bilbao hai cincuenta anos, podería dicirlle a un vasco, aínda que “fora do mesmo Bilbao”, que antes cóos deles xa nós tivemos Altos Fornos en Galicia.



Ponte Romana de Ourense

Cando chegamos a Ourense, non é preciso pararse a ver a Ponte Romana, cun arco central co maior van de todas as pontes romanas de pedra, nin as Burgas, aínda que diga o refrán “Tres cousas hai en Ourense que non as hai en España: o Santo Cristo, a Ponte e nas Burgas fervendo a auga”.



As Burgas (Ourense)

Chega con trasladarnos a Xinzo de Limia e quedar abraiado vendo aquela llanura, moi preto da fronteira con Portugal, onde antigamente houbo unha lagoa coas súas barcas.

Ten lendas tan fermosas como a de que todas as noites de San Xoán, dende os tempos dos mouros, aparécese unha fermosa princesa que despois convértese nunha enorme serpe. Ou a de que os romanos tiñan medo de cruzar o río Limia, porque se o pasaban perdían a memoria.



Foto antiga da Lagoa de Antela

O feito positivo é que a grande lagoa, unha vez desecada nos anos cincuenta, é hoxe a fonte máis importante de colleita de patacas de Galicia en canto a cantidade, porque en calidade, din que son mellores as de Lugo.

E, finalmente, na provincia de Pontevedra, non podemos prescindir da beleza das Rías Baixas e as súas praias. Sempre recordo que no 1970, cando cheguei de novo a Galicia, despois de pasar 25 anos en Cataluña, sen coñecer a nosa terra, nunha conversa na Aduana de Vilagarcía de

Arousa, un funcionario da mesma que non era galego quedou abraiado cando lle dixen que, eu sendo galego, non coñecía as Rías Baixas. Non atopou mellor e máis fácil calificativo que o de dicirme: “Son de cine, e senón xa mo dirá cando as coñeza”.

Pois efectivamente, as rías e praias da provincia de Pontevedra son verdadeiramente “de cine”, sen que por elo fagamos de menos as tamén fermosas Rías Altas, nas costas da Coruña e Lugo.



Vista da Ría de Arousa

Pero tamén hai outras cousas en Pontevedra que resultan moi atractivas, sobre todo para a xente de fóra. Tal como os chamados curros, os encerrados de cabalos salvaxes, dos que hai só 50 anos os galegos do rural, que non tiñan as televisións para ensinarnos esas e outras cousas, ignorabamos por completo.

Recordo que na década dos 60 do século pasado, atopándome residindo no pobo fronteirizo con Francia chamado La Junquera (Girona), o doutor da vila, que estudara medicina en Santiago, sabendo que eu era galego sempre me falaba dos curros.



Curro de Sabucedo (A Estrada)

Eu non tiña nin idea e dáballes explicacións sobre que o curro en Galicia era un espazo pechado xunto as casas da aldea onde estaban os animais fóra das cortes. Eu vía que esa explicación non era do que el falaba e por iso nunca estaba de acordo co que eu lle dicía. A verdade é que el tiña toda a razón.

CARLOS SEGADE ABAD, CONSTRUCCIONES CSA

“Damos un servizo completo, dende o proxecto ata facer unha reforma”

Medrou a carón do mundo da construción e decidiu montar a súa propia empresa hai agora tres anos. Construcciones CSA, que dirixe Carlos Segade Abad adícase a todo tipo de traballos, dende obra nova ata reformas e obra civil. Comezaron na época das vacas gordas no sector e agora, en

tempos difíciles, logran seguir traballando e manter a plantilla. Carlos amósase bastante excéptico de cara ó futuro. Reclama “incentivos para os pequenos autónomos que estamos mantendo o emprego para que poidamos seguir medrando, porque somos os máis castigados”.

-Na súa familia xa se adicaban á construción. Anímouno isto a montar a súa propia empresa?

-Eu son delineante, estiven ligado a este mundo e gústame moito. A idea xurdiu a raíz de que meu pai tiña unha promotora e eu montei a miña empresa para facer as súas obras.

-Fan unha ampla variedade de traballos

-Adicámonos á construción en xeral, tanto sexa de obras novas ou en reformas, e a obra pública. Ademais tamén facemos proxectos. Non o facemos nós propiamente, pero traballamos con empresas que o fan e así podemos ofrecer un servizo completo, que tamén é máis cómodo para o cliente.

-Comezaron a traballar a principios de 2008, cando a construción aínda estaba en auxe

-Sí. Cando comezamos todo era construción de edificios. Estivemos bastante tempo na costa de Lugo, en Foz e Burela, facendo varias promocións. Naquela época tivemos que deixar de coller varios traballos máis pequenos porque non se daban feito.

-Nota moito cambio dende aquela a hoxe?

-Antes tiñas unha previsión de traballo de cara a dous anos, porque te adicabas á construción de edificios. Agora non. Só se fan pequenos traballos e reformas. Aínda así, nótase moito máis a crise nas zonas costeiras. A crise entrou antes alí que nas vilas do interior coma Melide. Cando aquí aínda había movemento na venda de vivendas, na costa xa estaba parado. No norte de Lugo son vilas de dimensións



Carlos Segade Abad no seu despacho

moi parecidas a Melide, a diferenza é que alá hai moitas máis obras que aquí porque é unha zona eminentemente turística.

-De tódolos xeitos, CSA logra manterse nesta época de crise

-Sí, ademais nestes momentos estamos bastante apurados de traballo. Temos unha promoción nosa, unha vivenda unifamiliar, e estamos facendo pequenos traballos como reformas. Tamén estamos comezando en obra civil. Xa fixemos varias en Lalín, preto da Coruña e agora estamos cun albergue en Boimorto.

E manteñen a mesma plantilla que cando comezaron

-Ó pouco tempo de comezar xa

pasamos a ser nove. Temos o compromiso cos nosos empregados porque levan moito tempo con nós, algúns xa estaban na empresa de meu pai. Estamos contentos con eles e gústanos que o esforzo que eles fan sexa correspondido pola nosa parte. Gústanos ter á xente contenta e premiala porque eles tamén se portan ben. Ademais, tamén somos conscientes que para o perfil de empregados que nós temos, que levan moitos anos traballando na construción, non é fácil quedar no paro e ter que buscar outro traballo.

-É un bo momento para construír unha vivenda?

-Creo que si, que é o momento oportuno se se ten un solar. Pero os solares aínda están bastante caros. Actualmente,

tal e como está o mercado, pódese facer unha obra cos prezos máis axustados, a diferenza de como era antes. Hoxe en día hai que axustarse para poder competir e máis as pequenas empresas. Pero tamén hai xente que está baixando moito os prezos e traballa case perdendo cartos.

-Nese sentido, estanse cometendo ilegalidades?

-Sí. Hai empresas nas que non cotizan tódolos traballadores e nas vilas pequenas hai moita xente que está no paro e traballa facendo pequenas chapuzas na construción. Os seus prezos son moito máis competitivos que os dunha empresa que teña todo en orde. Parte dos problemas que hoxe en día hai no sector da construción son estes.

“Queremos adicarnos á obra pública e a facer as nosas propias promocións e ir ampliando a empresa”

“Estamos comprometidos cos nosos traballadores e gústanos premiamos o seu esforzo”

-Pero para abaratar custos, non todo vale

-Non se pode facer a costa dunha rebaixa na calidade dos materiais nin nas medidas de seguridade. Teño moi claro que a seguridade está antes ca todo, tanto polo ben dos propios traballadores como da empresa.

-Cales son as súas expectativas para o futuro?

-Polo de agora temos traballo ata o verán ou un pouco máis alá. Despois temos previstos pequenos proxectos que esperamos levar adiante, pero queremos agardar a ver cómo evoluciona a situación. Queremos adicarnos máis á obra pública e ás nosas propias promocións e ir ampliando a empresa pouco a pouco de cara a estes traballos.



2011



CONCELLO
DE MELIDE



MERCAMELIDE

VII FEIRA DE OPORTUNIDADES

19 e 20 de Febreiro 2011

No Pazo de Congresos de Melide,

dende as 11 da mañá ata as 8 do serán.

De todo e para todos
ARTÍGOS DE CALIDADE A PREZOS REDUCIDOS

Artigos de regalo, calzado,

confección e moda,

complementos, fogar,

decoración, deportes, ferretería,

lencería, menaxe, mercería,

moble, fotografía, óptica,

perfumería, textil ...

**Sorteos
Sorteos**



Organiza:

**COMERCIO
DE
MELIDE**

Colabora:



CONCELLO
DE MELIDE

